

XUNTOS FACEMOS MÁIS POR SUEVOS e RAÑOBRE

FEITOS

- ✓ **MURO DE ESCOLLERA PARA OS BUSES.** O Concello de Arteixo construíu un muro de escollera para que o bus escolar e o bus urbano poidan manobrar con máis facilidade.
- ✓ **NOVO CENTRO SOCIAL EN SUEVOS.** Acondicionouse un edificio de tres plantas con servizos para veciños de todas as idades. Cafetería, sala polivalente, oficinas e un ximnasio. Cada planta con espazo para terraza.
- ✓ **MELLORA DA SENDA QUE CONECTA CO PORTO EXTERIOR.** Reparouse o camiño que sae na parte alta de Rañobre ata a unión do paseo que bordea Punta Langosteira, co obxectivo de dar acceso á parcela cedida pola Autoridade Portuaria.
- ✓ **EXPROPIACIÓN PARA O VIAL NO PAZO.** Aprobáronse as expropiacións necesarias para a ampliación e mellora do vial na zona do Pazo que permitirá executar o proxecto que xa está redactado.
- ✓ **REPARACIÓN DE TAJEAS NO CAMPO DE TIRO.** Mantemento periódico para garantir o correcto funcionamento das instalacións no entorno do campo de tiro.
- ✓ **SUBSTITUCIÓN DA REDE DE SANEAMENTO.** Xa están en marcha os trámites para a substitución da rede de saneamento que vai dende Seixedo ata a EDAR de Bens.
- ✓ **ASFALTADO DA ESTRADA DENDE O CUBO ATA SUEVOS.** Asfaltouse de novo a estrada dende o Cubo ata Suevos trala obra de substitución da rede de sumidoiros entre Sabón e a EDAR de Bens.
- ✓ **CONSTRUCCIÓN DUN TRANSFORMADOR EN SUEVOS.** Iniciáronse os trámites para a construción dun transformador de 250 kVA de potencia que mellorará a calidade do subministro eléctrico en Suevos e solucionar os cortes de electricidade.
- ✓ **NOVOS APARCAMENTOS EN RAÑOBRE.** O Concello comprou unha nova parcela que destinará a prazas de aparcamento.
- ✓ **SENDA ATA O CAMPO DE FÚTBOL.** Solicitud a Deputación para a construción dunha senda que conecte a entrada da vila co campo de fútbol de Suevos pola DP-503.

Suevos e Rañobre continuaron mellorando de xeito significativo en servizos básicos e tamén na mobilidade, tanto entre os diferentes lugares da parroquia como con outras do concello. O centro social supón un salto importante no día a día das veciñas e veciños.

PROXECTOS

- ✓ **REBAIXAR ALTURA DAS TAJEAS.** Están previstos traballos para rebaixar a altura das tajeas entre o Bar A Viña e Fiberglas co obxectivo de mellorar a seguridade na circulación desa vía.
- ✓ **ACONDICIONAR CAMIÑO DE RAÑOBRE A OSEIRO.** Facilitarase a comunicación entre estes dous núcleos mellorando o coñecido como Camiño de Rona.
- ✓ **ZONA VERDE E DE EVENTOS EN A FOLGUEIRA.** O Concello de Arteixo acondicionará a parcela da Folgueira cedida polo Porto Exterior coa plantación de árbores para facer un soute e accesos para a celebración de eventos.
- ✓ **COMPRA DA FRAGA DE SUEVOS.** Os terreos desta finca pasarán a ser de titularidade municipal e construírse unha gran zona de ocio nun entorno natural que contará con parque infantil e outro biosaludable.



1. Calvelo construíu un novo centro social en Suevos
2. O concello comprará a fraga de Suevos para facer unha gran zona de ocio
3. O goberno de Calvelo dotará a Rañobre dunha parcela para aparcamento e campo da festa ao lado da senda perimetral do Porto Exterior